

GUIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DA VISITA GUIADA A EXPOSICIÓN PERMANENTE DO MUSEO MASSÓ

- **Presentación e indicacións previas e visionado do vídeo de introdución a visita na zona de acollida**

IDEAS PRINCIPAIS DAS ÁREAS TEMÁTICAS

- **Sala da historia da navegación**

O legado cultural da familia Massó: orixe e historia das coleccións e os edificios do museo que nace e medra dentro dunha fábrica de conservas. Os Massó como mecenas de artistas como Urbano Lugrís, Xoán Piñeiro, etc.

Presentar o desenvolvemento da navegación oceánica tendo como obxectivo o establecemento e control das rutas comerciais.

Explicar as tres disciplinas do coñecemento científico nas que se apoia o desenvolvemento da navegación: **a astronomía** (para coñecer a posición do barco e establecer o rumbo), **a xeografía** (para coñecer a terra e os océanos, información que queda reflexada na cartografía, sendo as cartas náuticas un instrumento fundamental para a navegación) e **a construción naval** (disciplina técnica que permite construír embarcacións adecuadas para realizar singraduras oceánicas).

As expedicións marítimas costeadas polos estados europeos porán a proba estes coñecementos para aventurarse polo mundo e alcanzar as costas dos países onde se producen as mercadorías máis valiosas e cotizadas.

O tráfico de naves cargadas de mercadorías caras provocou o desenvolvemento da actividade corsaria nas rutas comerciais.

A motivación última de todos estes avances e expedicións é a explotación dos produtos e materias primas que proceden de países afastados para o enriquecemento das potencias europeas.

- **Sala da industria conserveira**

Comezar establecendo a continuidade do discurso co da sala da historia da navegación. Pásase da conquista do mar para importar mercancías procedentes de lugares afastados, á explotación dos propios recursos para a súa transformación industrial no territorio. Dunha época dominada pola economía mercantilista, onde a economía con maiúsculas pon o acento no comercio marítimo, á etapa seguinte onde o crecemento económico dependerá do desenvolvemento industrial.

A área dedicada á explotación dos recursos do mar parte da época romana (séculos I-VI) e establécese un diálogo entre este período e a etapa de recuperación da industria da salgadura (entre o século XVIII e XIX), grazas á iniciativa dos fomentadores cataláns (referencia á salgadura Piñeiro). Bueu, con máis de 20 salgaduras no pasado, e a saga dos Massó forman parte de maneira moi destacada deste fenómeno social e económico. O desenvolvemento industrial, moi vinculado en Galicia ao sector marítimo, toma como fío condutor a empresa Massó ao longo de máis de 170 anos de vida, e abórdase desde a actividade das fábricas conserveiras e baleeiras, coas súas repercusións e implicacións económicas e sociais.

Enfoques de xénero: Tradicionalmente a división do traballo nas poboacións do litoral establecía que o home traballaba no mar e a muller en terra, existindo un tabú que prohibía ás mulleres embarcar. Os traballos da pesca prólonganse en terra, e sen estas actividades produtivas a pesca non se podería considerar como unha actividade económica. Estas tarefas habitualmente foron e son desenvolvidas maioritariamente por mulleres, e entre elas destaca o traballo na industria conserveira, polo que podemos dicir que a man de obra feminina é a que impulsou a primeira fase do desenvolvemento industrial en Galicia.

Discriminación laboral en salarios (cobran a metade que os homes), nula promoción (mantéñense nos postos base da cadea produtiva durante toda a súa vida laboral mentres os homes, que ocupan os postos mellor pagados e considerados, promocionan e fan carreira dentro da empresa) e falta de recoñecemento polo seu traballo na empresa, na sociedade e no ámbito familiar.

Aspectos a tratar con respecto a empresa Massó: Salvador Massó i Palau chega en 1816 a Bueu dende Blanes (Girona) formando parte da terceira oleada de fomentadores cataláns que se establecen como industriais da salga; a creación da fábrica de conservas, a consolidación e expansión da empresa nas décadas dos grandes conflitos bélicos entre 1914 e 1950, abranguendo todos os sectores (frota pesqueira,

transformación en conserva hermética, fabricación de envases, fariñas e aceites, artes de pesca, reparación de barcos, deseño e construción de maquinaria). O papel de Gaspar Massó que a converte na primeira conserveira europea e na máis innovadora. Os novos sistemas e patentes deseñados por Massó revolucionaron a industria conserveira, foi o caso das canles de eviscerado, con corrente de auga, que melloraba a produtividade e hixiene e o forno de cocción continua, un túnel de vapor co que se automatiza o proceso de cocción do peixe antes do enlatado..

Outro punto a destacar é a importancia que lle concederon ao deseño gráfico na conserveira Massó Hermanos. De feito contaron coa colaboración de artistas como Federico Ribas tanto para a promoción como para o deseño dunha imaxe de marca para os seus produtos.

- **Sala da industria baleeira**

Logo de fracasar o intento de empresas españolas de relanzar as factorías baleeiras do estreito de Xibraltar que puxeran en marcha nos anos 20 os noruegueses, e case simultaneamente ao seu peche, en 1952 reiniciaba a súa actividade a factoría de Caneliñas (Cee, A Coruña), esta vez levada da man dunha firma empresarial galega, a Industria Baleeira S.A. (IBSA). Tres anos máis tarde, Massó Hermanos asociábase con IBSA e abría unha segunda factoría, a de Balea, en Cangas do Morrazo, e unha década máis tarde, en 1965, Massó Hermanos poñía en marcha unha terceira planta de procesado, a de Morás, en San Cibrao (Lugo). Todas elas poranse en funcionamento coa maquinaria e a frota baleeira adquirida a prezo de ganga ás factorías do sur.

Nas primeiras décadas explótase fundamentalmente a graxa de cachalote para transformala en aceite con distintas aplicacións na industria alimentaria, farmacéutica e para produción de lubricantes. A partir do ano 1970 as factorías vivirán o seu mellor momento dedicándose unicamente á venda de carne de balea cara ao mercado xaponés.

Galicia constitúese como unha potencia baleeira e a única e última na península Ibérica ata que no ano 1985 España adhírese ao tratado internacional que suspende a caza dos grandes cetáceos.

Enfoque de xénero: Facer referencia a división das tarefas segundo o xénero, a discriminación das empregadas no referente aos salarios e á promoción. As mulleres procesan a carne e os homes, como sucede nas conserveiras, desempeñan os traballos mellor considerados e mellor pagados, a caza e o despezamento das baleas e cachalotes.

Por último, indicar aos visitantes que a sala dedicada a caza da balea complementase coa visita á sala da exposición temporal *De Punta Balea a Cabo Morás. A caza moderna da balea en Galicia* que poden visitar logo da visita guiada ao igual que a sala na que se expoñen as embarcacións tradicionais mais representativas da ría de Pontevedra, destacando o gran pecio da última lancha xeiteira.